

# OS PERIGOS DA ELECTRICIDADE

O PASO DA CORRENTE ELÉCTRICA POLO CORPO HUMANO  
 PODE PRODUCIR QUEIMADURAS GRAVES  
 E MORTE POR ASFIXIA OU PARO CARDÍACO  
 a gravidade do efecto depende de:

## INTENSIDADE DA CORRENTE (Amperios)

$$\text{Intensidade} = \frac{\text{Diferencia de potencial (V)}}{\text{Resistencia (R)}} \text{ (Lei de Ohm)}$$

### DIFERENCIA DE POTENCIAL OU TENSIÓN (Volts)

- Baixa tensión (1 a 1.000 voltios)
  - de seguridade 12, 24 e 50 voltios
- Alta tensión (1.000 a 400.000 voltios ou máis)
  - transporte de electricidade

### RESISTENCIA (Ohmios)


- Varía coas características físicas e psíquicas da persoa.
- Depende das circunstancias do contacto eléctrico, paso da corrente polo corazón ou outros órganos, tipo de calzado, humidade, etc.

A resistencia humana no medio seco é de 2.000 ohmios e no medio húmido de 1.000 ohmios aproximadamente.

A MAIOR INTENSIDADE MAIOR RISCO

## DURACIÓN DO CONTACTO

A MAIOR DURACIÓN  
 DO CONTACTO  
 MAIOR RISCO



## FRECUENCIA DA CORRENTE (Hertzios)

### CORRENTE ALTERNA

Doméstica e industrial (50 Hz)

### CORRENTE ALTERNA ALTA FRECUENCIA

Radar, soldadura, medicina, etc. (Ata millóns de Hz)


### CORRENTE CONTINUA

O seu efecto equivale a unha corrente de 10.000 Hz

A CORRENTE MÁIS PERIGOSA É A DE 50 HERTZIOS, A PARTIR DA QUE DIMINÚE O RISCO Ó AUMENTA-LO NÚMERO DE HERTZIOS.

EXEMPLO: Un contacto eléctrico con corrente de 50 Hz, a unha tensión de 220 voltios, durante un segundo pode produci-la morte


# MEDIDAS BÁSICAS DE PREVENCIÓN




Non realices traballos eléctricos se non estás capacitado e autorizado para iso.

Se debes traballar en instalacións eléctricas recorda as **cinco regras de ouro**:

1. Abrir tódalas fontes de tensión.
2. Bloquea-los aparellos de corte.
3. Verifica-la ausencia de tensión.
4. Poñer a terra e en cortocircuito tódalas posibles fontes de tensión.
5. Delimitar e sinaliza-la zona de traballo.




Emprega equipos e medios de protección persoal normalizados.



Coidado coas liñas eléctricas. Mantén a distancia de seguridade.



En lugares mollados ou metálicos emprega só aparellos eléctricos portátiles a pequenas tensións de seguridade.



Vixía que o teu entorno sexa seguro.

## NORMATIVA XERAL

1. Ordenanza Xeral de Seguridade e Hixiene no Traballo.
2. Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión.
3. Regulamento sobre condicións Técnicas e Garantías de Seguridade en Centrais Eléctricas e Centros de Transformación.
4. Regulamento Técnico de Liñas eléctricas Aéreas de Alta Tensión.



CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E  
 RELACIÓNS LABORAIS.

Dirección Xeral de Relacións Laborais.

